



DO CONTEXTO HISTÓRICO ÁS CUESTIÓNS DE DEBATE FILOSÓFICO

Os grandes acontecementos en Grecia.-

do S. VII a.C. ao S. V a.C. A época arcaica

- desenvólvese unha economía próspera ó redor do comercio (máis alá da agricultura e a gandeiría ou a artesanía...)
- a polis – cidade-estado - emerxe como modo de organización sociopolítica alternativa á tradicional aristocracia-pobo.
 - O comercio e a consolidación da polis (s.VI a.C.) fan viable a expansión colonial polo mediterráneo e a maior interrelación das polis entre elas
 - Os “encontros e desencontros” coas culturas veciñas (cosmovisións, relixións órficas, organización social...) obrigou ós gregos das colonias primeiro, logo ós da metrópole, a refacer os seus mitos e substituílos por visións do mundo e do home máis racionais, permanentes, necesarios e universais (Logos no canto de mythos)

o S. V a.C. o século de Pericles.

- A resolución exitosa das guerras Médicas contra Persia, o feito de que Atenas liderase a liga das cidades e as realizacións de Pericles na vida da polis ateniense fixo deste século o da “Ilustración ateniense”: prosperidade, protagonismo político, desenvolvemento da democracia e gran riqueza cultural dende as artes plásticas ate a ciencia e a filosofía...
- A 2ª metade do século representa a perda de peso de Atenas. Sucumbe diante das súas ansias de expansión. Soporta as guerras do Peloponeso e afúndese nunha crise intelectual e moral (dela participan os Sofistas e Sócrates, e Platón no declive final tras a morte de Sócrates...)

o S. IV a.C. xorde o helenismo.

- A universalización (no mundo mediterráneo coñecido) da cultura grega -ateniense
- Macedonia, reino do norte de península, arrebatada paulatinamente o liderazgo a Atenas diante do mosaico de polis que configuraban o mundo grego. (deste “pulso” Atenas-Macedonia, na segunda metade do s. IV., foi vítima Aristóteles)
 - Papel fundamental do rei macedonio Filipo II e do seu fillo Alexandre Magno.
 - O afundemento de Grecia no seu propio imperio...

do fin do S. IV a.C. ata o S. I dC. o fin do imperio de Alexandre e o nacemento de Roma

- Remata a experiencia das Polis e exténdese a cultura grega perdendo identidade no seu “centro de gravidade”: Atenas.



Os motivos de reflexión e debate en Grecia.-

A physis e o seu coñecemento: a ciencia (epistheme).-

- O emprego do logos: ¿Como dicir algo da realidade? ¿Como determinar algo da realidade? Propoñen como tarefa dicir a esencia do real: o lugar de cada cousa no cosmos. Aquel que é quen de arrincar a esencia do ocultamento é o sabio.
 - ¿cal é o arjé?: o principio de onde todo xorde e onde todo volve cando se descompón. A esencia das cousas: o permanente, inmortal, presente en todo e fonte de todo o real.
 - O que nos amosan os sentidos xa non abonda: manifestan o cambiante, a aparencia... ¿Como facer unha busca racional? o concepto de epistheme: o coñecemento universal e necesario.
 - O problema do cambio: ¿como no medio de tanto cambio mantense a orde...?
 - O problema da multiplicidade dos seres e da unidade da natureza...

O ser humano ¿cal é a súa natureza?

- A alma como principio de vida do corpo. As súas funcións e relación co corpo. As distintas naturezas de alma e corpo: do dualismo radical ao concepto de forma e materia...
 - A existencia da alma e a súa natureza inmortal...
 - a alma racional e o proceso de coñecemento...

A moral ou o que nos cabe esperar na vida: a felicidade.-

- Eudemonismos... o fin que tódolos seres humanos desexan conseguir na vida é a felicidade (individual e colectiva).
- Naturalista... o bo é o natural: a felicidade consistirá en actuar conforme ás esixencias da natureza humana...
 - ¿En que consiste a natureza humana e en que consiste a felicidade?...¿Pracer, virtude,coñecemento...?

A organización da convivencia na polis: a política.-

- o ser humano como ser político: sen vida activa na polis non hai vida humana (ata o helenismo e o fin das polis)
 - a especial achega sofista: convencionalismo, o home a medida de todas as cousas e escepticismo
- ¿Quen debe gobernar a cidade?¿En función de que criterios...?
 - ¿Cal é a mellor maneira de organizar o estado?